



FASQUÍAS DO POETA QUE CÓMPRE LEMBRAR.

- Díaz Castro era un home moi humilde, sinxelo, amábel e bo conversador ao dicir da xente que o tratou. Tan sinxelo e humilde como amosa este seu poema:



Estes non son poemas nin
cimentos
de poemas siquera. Son fragmentos
de min mesmo perdidos,
como ventos fuxidos,
por antigos camiños esquecidos.

- Seica que cando alguén lle falaba da importancia da súa poesía, decía que el non fixera nada, que para el simplemente fora un xogo e sorprendíase de ser unha referencia na literatura.

-E cando escribe:



adeus aos montes todos urizados
de estrelas de ouro vivo para sempre;
adeus ás pedras, coma rosas xa;
adeus ás mans, quentiñas para
sempre.

